

ANEXO 1

SOLICITUDE PARA A ADHESIÓN Á REDE XATEMPREGO E PARA O USO DA APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DE ACTIVIDADES

D./Dna. _____, con documento de identidade _____, co posto de _____ dentro da **entidade** _____ (en diante, **ENTIDADE**) e en representación da mesma, baseándose nos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a **ENTIDADE** ten coñecemento de que a Xunta de Galicia, a través do IGAPE, dispón dunha aplicación web propia denominada XATEMPREGO (en adiante **APLICACIÓN**), accesible dende o enderezo web www.xatemprego.gal, para a xestión de actividades vinculadas aos seguintes servizos:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.
- c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.
- d) Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoas tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.
- e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

SEGUNDO.- Que a **APLICACIÓN** está orientada á posta en común do traballo coa Rede de persoal técnico que tamén presta estes servizos noutras entidades galegas (en diante a REDE).

TERCEIRO.- Que a **ENTIDADE** ten persoal propio que desenvolve este tipo de actividades dentro da súa organización e que desexa participar na REDE, estando interesada en empregar a **APLICACIÓN** para o rexistro da súa actividade, debendo realizar unha solicitude manifestando o acordo acadado polo seu órgano competente.

Por todo o anterior

CERTIFICO

PRIMEIRO.- Que por acordo do órgano _____ adoptado en día _____, a entidade que represento solicita a adhesión á REDE e a inclusión na mesma do seu persoal técnico que se relaciona a continuación:

DOCUMENTO IDENTIDADE	POSTO DENTRO DA ENTIDADE	NOME E APELIDOS	CORREO ELECTRÓNICO

NOTA: o enderezo de correo electrónico debe ser individualizado para cada persoa.

SEGUNDO.- Que a ENTIDADE realiza a prestación dos servizos dispoñendo dos medios efectivos necesarios para a súa correcta execución, asumindo en exclusividade a dirección efectiva e continua do seu persoal, non habendo, en ningún caso, vinculación laboral nin coa Xunta de Galicia nin co IGAPE.

Solicitude que asina en _____

na data _____

Asinado:

Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

San Lázaro s/n